

ORDENANZA FISCAL Nº 29 REGULADORA DA TAXA DA GARDERÍA MUNICIPAL DE MONDOÑEDO.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

O abeiro do previsto nos artigos 58 e 20.3 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, de conformidade co que se dispón nos artigos 15 a 19 do referido texto legal, o Concello de Mondoñedo establece a taxa pola prestación do servizo de gardería municipal, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a estancia ou asistencia dos usuarios dos servizos da gardería infantil deste Concello de Mondoñedo.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten, os servizos para as persoas beneficiarias dos mesmos.

Artigo 4º.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias tódalas aquelas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.

2. As responsabilidades esixiranse en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

As cotas a satisfacer por esta taxa obteranse da aplicación das tarifas contidas no apartado seguinte, fixándose as mesmas en atención á capacidade económica dos suxeitos pasivos, nos termos do artigo 24.4 da Lei 39/1988 e tendo en conta a renda per cápita da unidade familiar, quedan establecidas do xeito que se expón no artigo seguinte.

Artigo 6º.- Cotas.

6.1. Tarifas en horario ordinario

Xornada completa:

TARIFA DE PRECIOS					
Tramos de renda per cápita		Asistencias	Con comedor	Transporte	horario ampliado por hora
contías en función do SMI	contías ano 2002				
Inferior ó 30 % do S.M.I.	de 0 a 132,65 €	0	0	0	0

Dende o 30% do S.M.I. e inferior ó 50% do S.M.I.	de 132,66 a 221,09 €	0	16,50 €	16,50 €	6,87€
Entre o 50 % e o 75 % do S.M.I.	de 221,10 a 331,65 €	33,00 €	49,50 €	16,50 €	6,87€
Superiores ó 75 % e inferiores ó 100% do S.M.I.	de 331,66 a 442,19 €	68,00 €	82,50 €	16,50 €	6,87€
Entre o 100% e o 150 % do S.M.I.	de 442,20 a 663,30 €	99,00 €	132,00 €	33,00 €	13,75 €
Superior ó 150 % do S.M.I.	Mais de 663,31 €	110,00 €	143,00 €	33,00 €	13,75 €

Media xornada:

TARIFA DE PRECIOS					
Tramos de renda per cápita		Asistencias	Con comedor	Transporte	horario ampliado por hora
contías en función do SMI	contías ano 2002				
Inferior ó 30 % do S.M.I.	de 0 a 132,65 €	0	0	0	0
Dende o 30% do S.M.I. e inferior ó 50% do S.M.I.	de 132,66 a 221,09 €	0	8,25 €	8,25 €	3,44 €
Entre o 50 % e o 75 % do S.M.I.	de 221,10 a 331,65 €	16,50 €	24,75 €	8,25 €	3,44 €
Superiores ó 75 % e inferiores ó 100% do S.M.I.	de 331,66 a 442,19 €	34,00 €	41,25 €	8,25 €	3,44 €
Entre o 100% e o 150 % do S.M.I.	de 442,20 a 663,30 €	49,50 €	66,00 €	16,50 €	6,88 €
Superior ó 150 % do S.M.I.	Mais de 663,31 €	55,00 €	71,50 €	16,50 €	6,88€

Considerase horario ordinario o comprendido entre as 9 e as 19 horas. Dentro do horario ordinario poderán optarse por dous tipos de xornada.

- Xornada completa: corresponde a unha estancia na gardería de ata 10 horas diarias.

- Media xornada: Enténdese por media xornada unha estancia na gardería de ata 5 horas.

- Entendese por horario extraordinario as horas de presenza dos/as nenos na gardería fora do horario ordinario, nomeadamente estancias esporádicas ou continuadas nun horario inferior ó de media xornada.

6.2. Renda per cápita:

Terá a consideración de renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar, o cociente resultante de dividir entre doce os ingresos totais da unidade familiar.

Defínese a unidade familiar como a formada polos cónxuxes non separados legalmente e, no seu caso, os fillos e fillas menores de 18 anos, con excepción dos que, con consentimento dos pais, vivan independentes destes e os fillos maiores de 18 anos cunha minusvalidez superior ó 33 % e os incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada ou os así declarados pola administración autonómica competente.

Nos casos de separación legal ou cando non existira vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou a nai e tódolos fillos e fillas que convivan cun ou outro e reúnan os requisitos descritos no parágrafo anterior.

A determinación dos membros da unidade familiar farase atendendo á situación existente a 31 de decembro de cada ano.

Para os efectos desta ordenanza, ten a consideración de ingresos a suma da parte xeral maila parte especial da base imponible previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicar os datos existentes na administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Artigo 7º.- Beneficios fiscais.

A) Exencións: Estarán exentos do pago da cota aqueles contribuíntes con ingresos inferiores a 132,65 euros de renda per cápita mensual.

B) Bonificacións.

- 20 por cen no caso de nenos/as que pertencen a unha familia numerosa.
- 20 por cen no caso de nenos/as que pertencen a unha unidade familiar monoparental.
- 20 % no caso de asistencia dalgún irmán ó mesmo centro de atención á primeira infancia e 30 % no caso de parto múltiple.
- 50 % no caso de ingreso despois do día 15 do mes.

Os anteriores descontos, cando se dean nunha mesma persoa, serán acumulables.

Artigo 8º.- Devengo e obriga de contribuír.

As taxas devénganse e nace a obriga de contribuír dende o momento no que se inicie a prestación do servizo de gardería.

Establecido e en funcionamento o servizo, as cotas abonaranse nos dez primeiros días de cada mes e serán irredutibles.

Non se aboará a cota do mes de vacacións correspondente ó verán.

Non será de aplicación esta exención ás vacacións distintas ás estivais, salvo causa debidamente xustificada.

Se con carácter excepcional o centro estivese pechado por un período superior a 15 días consecutivos non se aboará a cota correspondente a dito período.

A non asistencia do neno/a durante un período determinado non suporá a redución na cota a pagar, salvo causa debidamente xustificada ou mentres non se formalice a baixa correspondente.

O suxeito pasivo poderá solicitar a domiciliación do pago da taxa, nestes casos ordenarase o cargo en conta bancaria durante os dez días do período de pago.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para todo o non previsto neste texto será de aplicación a regulación contida na Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, o Regulamento de Servicios dos Entes Locais, Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local; Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e a Lei de Taxas e Prezos Públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servicios na gardería infantil, entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e estará en vigor ata a súa modificación ou derogación.

NOTA: Aprobada en sesión de 21 de novembro de 2002, publicada definitivamente no B.O.P. Nº38 DE 15-02-2003.